

SUBVENCIONS PARA ASOCIACIONES VECINAIS, CONFEDERACIONES, FEDERACIONES OU UNIONS DE ASOCIACIONES DE VECINOS, COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS E ASOCIACIONES DE MULLERES RURAIS DE GALICIA.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

EXTRACTO da Orde do 29 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencions para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións **(código de procedemento PR487A)**.

**Beneficiarias:** Poderán ser beneficiarias das subvencions convocadas as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas debidamente inscritas no rexistro público correspondente e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

**Obxecto:** Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles de titularidade veciñal ou sobre os cales a entidade solicitante ten un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título, así como equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles orientados ao cumprimento dos fins da entidade, e as obras nas traídas de auga comunitarias.

**Destino das subvencions:** Para os efectos desta orde, considéranse subvencionables os seguintes proxectos:

Liña 1: As obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais en que a entidade veciñal ou de mulleres rurais desenvolve a súa actividade e as obras de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias, promovidas por comunidades de usuarios de augas.

Liña 2: A adquisición de equipamentos básicos dos locais, necesarios para o funcionamento ordinario da entidade, integrado por mobiliario, equipamentos de oficina, equipamento informático ou equipamento acústico e audiovisual; e a adquisición doutro equipamento ou mobiliario para actividades específicas, que non terá carácter básico.

## **MAIS INFORMACIÓN:**

DOG Núm. 11 Martes, 17 de xaneiro de 2023. **(código de procedemento PR487A)**.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230117/A\\_nuncioV0654-291222-0007\\_es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230117/A_nuncioV0654-291222-0007_es.pdf).